

**ACTA DA 1ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE AGOSTO DE 2018 DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA OBRA “REURBANIZACIÓN E AMPLIACIÓN DA ALAMEDA E XESTIÓN INTELIXENTE DE INFREESTRUTURAS DA ALAMEDA”**

Na Sala de Reunións da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 10:40 horas do día 22 de agosto de 2018, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á apertura dos sobres A correspondentes ao contrato da obra “Reurbanización e ampliación da Alameda e xestión intelixente de infraestruturas da Alameda”, que son:

**PRESIDENTE:**

- O Sr. Alcalde, D. José C. López Campos.

**VOGAIS:**

- Dona M.ª Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria Acctal., Municipal
- Dona Rosa María Méndez Aragunde, Interventora Accidental
- D. Daniel Órrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal.
- D. Enrique Ponte Clares, Arquitecto Municipal.
- D. Ramón Brea Villaverde, Ingeniero Técnico Municipal

**SECRETARIA DA MESA:**

- Dna. Gisela Rey Baltar, Auxiliario Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Constituída a Mesa, a Secretaria da letura ao listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado de Secretaría de data 22 de agosto de 2018, que son os seguintes:

**Dentro de Prazo:**

- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.: Nº de Rexistro 2018-E-RC-7353, de 07/08/2018.
- MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.: Nº de Rexistro 2018-E-RC-7358 de 07/08/2018.
- COPCISA, S.A: Nº de Rexistro 2018-E-RC-7361 de 07/08/2018.
- CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.: Nº de Rexistro 2018-E-RC-7368 de 07/08/2018.
- PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.: Nº de Rexistro 2018-E-RC-7371 de 07/08/2018.
- OGMIOS PROYECTOS, S.L.: Nº de Rexistro 2018-E-RC-7375 de 07/08/2018
- UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. : Nº de Rexistro 2018-E-RC-7378 de 07/08/2018.

**Fóra do prazo:**

- ELSAMEX, S.A.U.: Nº de Rexistro 2018-E-RC-7396 de 08/08/2018 (previo FAX de aviso de imposición en correos da oferta con data 07/08/2018)

A continuación, a Secretaria Acctal informa que o prazo de presentación de ofertas (20 días naturais), segundo o anuncio de licitación publicado no Perfil do Contratante do Concello, iniciouse o día 19 de xullo e rematou o 7 de agosto de 2018, e, ao abeiro do disposto na cláusula 15 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCP) que rexe a licitación, a forma de presentación das ofertas é no Rexistro Xeral do Concello da Estrada dentro do prazo establecido.

Así mesmo, informa a Sra Secretaria accidental que a empresa ELSAMEX, S.A.U anuncio mediante FAX a imposición en correo da súa oferta o día 7 der agosto de 2018, en embargo non chegou ata o día seguinte 8 de agosto, procedendo ao seu rexistro de entrada.

En base ao dito nos dous parágrafos anteriores, a Mesa acorda, por unanimidade, excluír á empresa ELSAMEX, S.A.U por presentar a súa oferta fóra do prazo establecido ao efecto.

De seguido pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/dos licitadores, manifestando os mesmos non ter ningún conflito de intereses cos licitadores.

A continuación o Presidente da Mesa indica que neste procedemento aberto simplificado existen dous sobres:

- Sobre ou arquivo electrónico A, que contén a declaración responsable e a oferta de criterios non valorables en cifras ou porcentaxes.
- Sobre ou arquivo electrónico B, que contén a oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes.

Neste acto realizase a apertura do sobre A:

De seguido revísase a documentación administrativa incluída no sobre A, (ao non estar aínda en vigor a contratación electrónica non se fai a comprobación da inscrición dos licitadores no ROLECE), e, unha vez examinada a mesma, compróbase que:

- As empresas CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L., CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A e PETROLAM INFRAESTRUCTURAS S.L., cumpren cos requisitos esixidos.
- As empresas MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L., COPCISA S.A., OGMIOS PROYECTOS S.L. e a UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO S.A., non presentan o compromiso de adscrición de medios persoais o materiais de acordo co indicado na cláusula 16 (solvencia Técnica) e relacionados no **apartado R do Cuadro de Características Técnicas**, polo que se acorda requirirle ás devanditas empresas para que o aporten no prazo de 3 días hábiles desde o día seguinte á recepción da notificación.

Non asistiu ningún representante das empresas.

Unha vez trascorrido o prazo de subsanación fixado, a Mesa de Contratación voltará a reunirse para valorar a documentación presentada, determinar a lista de admitidos e excluídos nesta licitación e proceder, ao abeiro da cláusula 18 do PCAP, a remitir a documentación presentada relativa a criterios valorables mediante xuízos de valor ao Arquitecto Técnico Municipal, para a emisión do preceptivo informe no prazo improrrogable de 7 días.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as doce horas do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)